


ONDE ESTAMOS · QUE FAREMOS
EN:







IGUALDADE



En CCOO traballamos para que a Igualdade de Oportunidades e a Conciliación da vida persoal e profesional non quede nun bonito proxecto teórico, convertendo esta reivindicación en eixo central. Asumímolos dende a responsabilidade de ser o primeiro sindicato en BBVA.









en que estamos a traballar

- 
Desigualdade nas novas incorporacións e consolidacións.
 Denunciamos a desigualdade das novas incorporacións e Consolidacións nos niveis superiores. **Contrátanse máis homes para niveis máis altos e máis mulleres para niveis máis baixos** de responsabilidade.
- 
Promocións. As mulleres topan cun teito de cristal.
 Evidenciamos que as Promocións que fomenta o Banco en niveis superiores, son maioritariamente de homes. **As mulleres topan cun teito de cristal a partires do Nivel 6.**
- 
Disparidade por niveis profesionais.
 Demostramos a disparidade existente do persoal por Niveis Profesionais, con un **33% de mulleres** fronte a un **67%**. De homes nos niveis **do 1 ao 5**. En cambio, nos niveis **do 7 ao nivel de Acceso** hai un **62% de mulleres** fronte a un **38%** de homes (Niveis asociados a funcións de menor responsabilidade)
- 
Fomentamos a linguaxe igualitaria.
 Conseguimos corrixir en moitas ocasións accións que, doutro xeito, pasarían desapercibidas como é a **linguaxe non igualitaria e masculinizada** utilizado polo Banco en: publicacións internas, nas Apps, cartelería publicitaria en oficinas, etc.
- 
Xudicialización de conflitos.
 Expuxemos e gañamos xudicialmente conflitos como o cómputo de antigüidade en excedencias, regularización de nóminas Maternidade/Paternidade e o seu sistema de pago.
- 
Divulgación e promoción da conciliación.
 Publicitamos e divulgamos continuamente novas medidas de conciliación, asesorando e axudando á súa aplicación en cada caso concreto.



en que traballaremos

- 
Renovación e actualización do plan de igualdade.
 Na renovación e actualización dun Plan de Igualdade, con novas medidas adaptadas aos tempos e novas tecnoloxías. É momento de proceder á fixación de obxectivos medibles máis ambiciosos nos que CCOO xa está a traballar.
- 
Defensa da promoción profesional da muller.
 Na defensa da promoción de mulleres dende os niveis 6 aos niveis superiores para crear unha igualdade efectiva, promovendo que a contratación e a selección interna para postos de maior responsabilidade se realice con procesos transparentes e equitativos.
- 
Uso da imaxe en arquetipos actuais.
 En propostas de accións que eliminen o uso da imaxe da muller dentro de arquetipos pasados.
- 
Permisos de lactación.
 En seguir denunciando en todos os foros que sexa necesario, por un permiso de lactación acumulada sen ningunha restricción nin interpretación para o seu goce.
- 
Protocolo de acoso.
 En conseguir un Protocolo de acoso negociado con CCOO no que a persoa que denuncia estea sempre acompañada polo seu Sindicato.
- 
Conciliación da vida persoal e laboral.
 En lograr unha conciliación da vida persoal e laboral que non implique freo algún na carreira profesional.



#ÉOMomento

VOTA